

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA XIX EDICIÓN DOS PREMIOS DO AUDIOVISUAL GALEGO MESTRE MATEO**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Academia Galega do Audiovisual o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021.

#### **Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da XIX edición dos Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo que desenvolve a Asociación Academia Galega do Audiovisual, convocatoria que recoñece e estimula o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia ao longo de 2020 nun total de 27 categorías divididas en dúas modalidades, categorías de produción e categorías profesionais, ademais do premio de honra Fernando Rey, distinción que premia a traxectoria profesional, e o premio revelación Chano Piñeiro, co que se pretende destacar iniciativas, profesionais ou fitos no audiovisual galego, e que ten o punto culminante na celebración da gala de entrega dos galardóns, que se celebra o 10 de abril no Teatro Colón da Coruña.

#### **Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:**

Os obxectivos da Agadic pretenden garantir a viabilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positiva. E un deses eixos de actuación do organismo é a promoción e organización de actividades no eido audiovisual, sector que a Agadic apoia non só coa convocatoria anual das axudas ao eido audiovisual en diferentes tipoloxías, senón, tamén, promovendo e apoiando diversas iniciativas que redundan significativamente na potenciación deste sector da cultura, sempre con medidas de acción positiva que recoñezan a creación e a produción artística.

Dentro desas liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade ao sector, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior, a Agadic considera como un dos máximos expoñentes a convocatoria dos premios ao audiovisual Mestre Mateo, que son unha inmillorable plataforma de recoñecemento ao labor que veñen desenvolvendo os profesionais do sector en Galicia ao colocalos en primeira fila da industria audiovisual.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que leva a cabo a Asociación Academia Galega do Audiovisual, e que ten o seu punto culminante e de maior proxección pública na organización dos premios Mestre Mateo, verdadeiro espello da realidade audiovisual galega, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción desta industria que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

